



## Publicacións

### *O Gaitero Verde*

Título: O Gaitero Verde

Autor: Xavier Blanco

ISBN: 978-84-615-4269-7

*O Gaitero Verde* nace dun estudo que analiza a relación dos nosos antigos e auténticos músicos de raíz co seu entorno natural e os seus recursos.

Non fai falla ir ata as orixes dos instrumentos para darnos conta de que os primeiros en ser empregados polos nosos gaiteros estaban elaborados a partir de materiais que se atopan virxes na natureza. Aínda non hai tantos anos que coas *follas, pallas, canas, sabugueiro, cabazas* se confeccionaban moitos instrumentos arcaicos que emitían sons puros e armoniosos que influían na enerxía vital das persoas.

[Da Introducción]

*O Gaitero Verde* é a máis sinxela semente da que brotarían grandes artistas e mestres gaiteros de Moaña, os alicerces sólidos á vez que delicados de onde parte todo o noso saber tradicional. Así se recolle nesta obra do autor que, con gran respecto e traballo, soubo escudriñar nos tempos para chegar á pureza, á forma básica de onde parate a gran tradición da gaita moañesa.

[Do Prólogo, por Diego M. Riobó Martínez]

# O Gaiteiro Verde

Xavier Blanco

